

1.- Por que é necesaria para os seres vivos a función de nutrición?

2.- Relaciona cada concepto coa súa descrición

1. Exección •		• Consiste na incorporación dos alimentos.
2. Dixestión •		• É a transformación do alimento en nutrientes solubles.
3. Absorción •		• É a expulsión ao exterior das substancias non dixeridas.
4. Inxección •		• Os nutrientes obtidos da dixestión pasan ao sistema circulatorio.

3.- Por que os animais necesitan realizar a dixestión dos alimentos que consomen?

3.b Son o mesmo alimento e nutrientes?. Razóao

4. **Poden as esponxas** alimentarse de presas como peixes pequenos ou gambas? Razo a resposta?

5.- Cantos tipos de respiración hai? Noméaaas


b) Cal é a propia dos anfibios? Ea dos insectos?

6.- Indica como se elimina cada unha das substancias da primeira columna. Pon o/os número/s correspondente/s no cadro:

- 1.- Os sales da súr
- 2.- A auga que sae cos ouriños
- 3.- A urea que hai nos ouriños
- 4.- O dióxido de carbono que sae polos pulmóns
- 5.- Os alimentos non absorbidos que saen coas residuos fecais

Excreción	<input type="text"/>
Defecación ou Exección	<input type="text"/>

7.- Indica a **clase e grupo** de animais os que pertencen e o **tipo de respiración**.



8.- Ademais do corazón, que outros compoñentes constitúen o aparello circulatorio?

9.- Indica que clase de respiración teñen os seguintes animais:


–Araña: _____ Un peixe _____ Miñoca _____

Formiga: _____ Unha balea: _____

10.- Cal é a diferenza entre aparello circulatorio aberto e pechado?

11.- Que diferenza hai entre veas e arterias?

12.- Ponlle os nomes correspondentes na táboa . b)Cómo se lle chama a este proceso?
En **qué orgánulo celular** ten lugar?



1	_____
2.-	_____
3.-	_____
4.-	_____
5.-	_____

13.- Que tipo de receptores sensoriais se agrupan nos ollos? E nos ocelos? Que animais os presentan?

14.- Indica os 2 sistemas de coordinación dos ANIMAIS.

15.- Para que serven as glándulas endócrinas? A que sistema pertencen?

16.- Que diferenzas hai entre o sistema endócrino dos vertebrados e o dos invertebrados? Que funcións cumpren as hormonas en cada un deses tipos de animais?

17.- Relaciona cada concepto coa súa descrición

1.- Encéfalo •		• Cordón nervioso que percorre o lombo do animal e que se encontra protexido polas vértebras.
2.- Nervios sensitivos		• Transmiten a información desde os centros nerviosos ata os órganos efectores.
3.- Nervios motores		• Centro nervioso situado na cabeza.
4.- Médula espiñal		• Transmiten información desde os receptores aos centros nerviosos.

18.- Relaciona estas columnas.

- | | |
|-------------------------|----------------------------|
| a) Receptores | 1. Anallizan a información |
| b) Centros nerviosos | 2. Executan a resposta |
| c) Músculos e glándulas | 3. Captan os estímulos |


19.- Relaciona os seguintes tipos de animais co tipo de esqueleto que presentan:

- | | |
|-------------------------------------------|-------------------------------------|
| Anélidos, platihelminths e equinodermos • | • Esqueleto interno |
| Vertebrados • | • Esqueleto externo ou exoesqueleto |
| Artrópodos e moluscos • | • Hidroesqueleto |

20.- Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F): Os erros descontan. 1p

1. A respiración traqueal é característica de animais acuáticos	
2. A respiración celular consiste en levar osíxeno ao interior dos pulmóns	
3. Excreción e defecación significan o mesmo	
4. A respiración branquial é característica dos animais acuáticos	
5. Os animais co aparello circulatorio aberto non presentan corazón.	
6. Unha das funcións do aparello circulatorio é transportar nutrientes ata as células	
7. Os cnidarios ou celentéreos teñen un tipo de dixestión mixta (intra e extracelular)	
8. A información que un animal recibe chámase estímulo	
9. Os estímulos poden ser internos ou externos	
10. A respiración pulmonar é exclusiva dos animais terrestres	
11. As glándulas dixestivas son as salivares, o fígado e o páncreas	
12. As glándulas dixestivas son glándulas endócrinas porque verten o seu contido ó sangue	

21.- Di de que tipo de reprodución se trata. Explicaa brevemente indicando as súas características:



22.- PREGUNTAS TIPO TEST

1.- A orde dos procesos dixestivos é: a. Inxestión, dixestión, excreción e absorción. b. Absorción, inxestión, dixestión e excreción. c. Inxestión, dixestión, absorción e excreción. d. Absorción, dixestión, excreción e inxestión.	2.- Os pulmóns tabicados son típicos dos: a. Mamíferos. b. Réptiles. c. Anfibios. d. Aves.
3 O líquido circulatorio dos moluscos e artrópodos denomínase: a. Sangue. b. Hemolinfa. c. Hidrolinfa. d. Hemoglobina.	4.- A principal función dos riles é: a. Filtrar o sangue. b. Colorear o sangue. c. Descolorar o sangue. d. Refrixerar o sangue.
5.- As glándulas verdes son propias dos: a. Réptiles. b. Peixes. c. Insectos. d. Crustáceos.	6.- Cales son os dous sistemas de coordinación e regulación? a. Nervioso e endócrino. b. Nervioso e locomotor. c. Locomotor e endócrino. d. Circulatorio e nervioso.
7.- As hormonas son características do sistema: a. Nervioso. b. Circulatorio. c. Endócrino. d. Respiratorio.	8.- O sistema nervioso dos cnidarios, platihelminths e anélidos é: a. Sistema ganglionar. b. Anel nervioso. c. Sistema nervioso central. d. Rede de neuronas.
9.- O esqueleto propio de cnidarios, platihelminths e anélidos é: a. Hidroesqueleto. b. Exoesqueleto. c. Endoesqueleto. d. Non posúen ningún tipo de esqueleto.	10.- As gónadas nas femias son: a. Os ovarios. b. Os óvulos. c. Os espermatozoides. d. As glándulas mamarias.

23.- Cando un organismo se divide en dous ou máis fragmentos, cada un dos cales é capaz de converterse nun animal completo ao terminar o seu desenvolvemento, de que tipo de reprodución falamos? Escribe algún exemplo de animal que presenta este tipo de reprodución.